

Preguntas de sociais: Páxina 98.

1. Por que Fernando VII cambiou a lei de sucesión ao trono?

Porque non tivo ningún fillo varón.

2. Quen era o infante don Carlos María Isidro?

O irmán de Fernando VII, ao que lle correspondería acceder ao trono antes da nova lei de sucesión ao trono.

Por que non lle parecía ben esta lei?

Porque quería ser el o novo rei.

3. Que son as Guerras Carlistas?

Son as que se produciron entre os partidarios de que o novo rei fose Carlos María Isidro e os que estaban a favor de Isabel II.

Ademais de ter distinta opinión sobre quen debía reinar tamén tiñan diferenzas noutros aspectos políticos, xa que os partidarios de Carlos María Isidro defendían unha monarquía absolutista na que o rei tería todo o poder e os partidarios de Isabel II defendían unha monarquía constitucional.

4. Que foi a Gloriosa?

Unha revolución popular que tivo lugar en 1868 e que provocou que a raíña abandonara España.

5. A finais do século XIX aprobouse unha nova constitución española. Lembras cal fora a primeira? De que ano é?

A primeira constitución española foi A Pepa. Aprobouse en 1812.

6. Que forma de goberno se proclamou despois da abdicación de Amadeo I?

Proclamouse unha República.

En que se diferencia dunha monarquía?

En que o xefe do Estado non era un rei, senón un presidente elixido polos cidadáns.